



O MUSEO DE TERRA SANTA. UNHA PONTE CARA ORIENTE PRÓXIMO EN COMPOSTELA

M^a Esperanza Gigirey Liste

O museo de Terra Santa atópase situado no convento compostelán de San Francisco, conxunto monumental fundado no ano 1214 e que a tradición atribúe ao propio San Francisco de Asís durante a súa peregrinación á cidade. A visita á exposición permanente do museo supón unha oportunidade única para achegarse ás diferentes culturas que durante séculos foron configurando a historia do Próximo Oriente, ademais de permitir gozar do edificio que en boa parte se levantou segundo as trazas de Simón Rodríguez, un dos nosos máis destacados arquitectos barrocos.

O museo foi inaugurado o 29 de setembro do ano 1993 grazas ao empeño de frei José Rodríguez Carballo, director do mesmo e Ministro da Provincia Franciscana de Santiago, xunto con frei José González González, Superior do Convento neses momentos. A idea da súa creación remóntase a 1950 cando o seu promotor, frei Juan Rodríguez de Legísima, articulou un amplo programa de actuacións para impulsar en España o apoio aos Santos Lugares. Como parte deste programa, e coa pretensión de mostrar en España a maqueta do Santo Sepulcro –hoxe peza principal do museo–, organizou en Madrid durante os anos 1953-1954 a **Exposición de Terra Santa** nos Palacios de Velázquez e Cristal do Bo Retiro. Esta mostra foi verdadeiramente extraordinaria no seu momento, tanto pola súa magnitude –máis de 20.000 obxectos expostos–, como pola súa grandísima repercusión. Debido ao éxito acadado decidiuse crear un museo que albergase as pezas reunidas. Finalmente no ano 1984 e despois de moitas vicisitudes, os fondos foron trasladados ao convento compostelán de San

Francisco, onde quedaron baixo a titularidade da Provincia Franciscana de Santiago. En 1989 iniciáronse os traballos de inventariado e catalogación que tiñan como finalidade a apertura do museo ao público, o que se fixo realidade baixo o amparo da Xunta de Galicia e da Comunidade Franciscana no ano 1993.

Dende o punto de vista museolóxico non resulta fácil facer unha presentación deste centro, pois non contén en si mesmo un carácter específico. Non se pode definir como museo arqueolóxico propiamente dito, a pesar de que a maior parte dos seus fondos son froito desta disciplina, xa que en realidade, foi concibido como un museo histórico ou temático. O discurso expositivo permite unha aproximación ás diversas culturas que, a través do tempo, foron deixando o seu testemuño en Terra Santa, así como tamén ás actividades que a Orde Franciscana vén alí desenvolvendo dende hai máis de sete séculos.

O museo presenta o proceso histórico vivido naquelas terras de Próximo Oriente dende que se constata a presenza do home ata a constitución do actual Estado de Israel. Para iso conta con testemuños materiais de diferentes civilizacións, entre outras a hebrea, a helenística, a romana, a bizantina, a árabe e a turca; grazas a cuxos vestixios se ofrece un percorrido exhaustivo pola historia cultural da zona.

A exposición estable foi articulada en seccións e a primeira delas exhibe, baixo o título de **pasado remoto**, unha selección de pezas arqueolóxicas correspondentes aos períodos comprendidos entre o Paleolítico e a Dominación Romana, que inclúe

restos neolíticos, calcolíticos, das Idades do Bronce e do Ferro ata chegar á Época Helenística. Aquí recóllense fenómenos de gran transcendencia, como a implantación da gandería e a agricultura, testemuñadas polos primeiros útiles realizados polo ser humano e a aparición da cerámica ou a escritura reflectida en obxectos que nos lembran que foi precisamente nesta zona onde tiveron a súa orixe.

Xerusalén cobizada, epígrafe co que se definiu á segunda sección, resume claramente a historia dun longo período de tempo no que esta cidade foi o principal e máis desexado obxectivo militar e político dos grandes imperios. Dende o s. I a. C. ata a I Guerra Mundial, romanos, bizantinos, árabes e turcos foron os encargados de configurar a historia da cidade hierosolymitana. A todas estas culturas podemos achegarnos a través dunha representativa selección de pezas que reflicte as súas particulares formas de vida e modos de facer, á vez que documenta estas etapas históricas nas que Xerusalén, como se indicou, foi punto de mira para todos eles. O fenómeno das cruzadas e os camiños de peregrinación teñen cabida neste capítulo por seren un dos feitos máis relevantes acontecido durante o dominio árabe. A peregrinación foi e segue sendo un aspecto de gran transcendencia para Santiago de Compostela que, xunto con Xerusalén e Roma, se converteron nos centros máis significativos de peregrinación cristiá.

A seguinte sección, cun título tamén claramente significativo, é a dedicada á **convivencia actual**. A cidade de Xerusalén é como ningunha outra capital relixiosa, testemuño da convivencia insólita e á vez lóxica entre xudeus, musulmáns e cristiáns, o que foi configurando a súa azarosa historia dende que en 1948 o Estado de Israel foi declarado independente. Os obxectos expostos neste apartado son representativos da multiplicidade de culturas e relixións que se atopan presentes actualmente na zona e reflicten, sen dúbida, o merecido cualificativo de “crisol de culturas” que define tan acertadamente a Xerusalén. A pegada da Orde Franciscana en Terra Santa evidénciase no seu labor de Custodios do Santo Sepulcro e tamén por teren introducido na zona o traballo artesanal en nácara e madeira de oliveira para axudar as economías familiares dos máis desfavorecidos. Na sección **presenza franciscana** exhibese unha completa mostra destas artesanías realizadas en Belén e

Xerusalén que xunto coas maquetas –principalmente a Basílica do Santo Sepulcro– son as pezas máis admiradas polos visitantes. O percorrido da exposición estable complétase con maquetas arquitectónicas e unha sala monetario.

Os materiais que integran a totalidade dos fondos do museo, non soamente os que se atopan expostos, comezaron a reunirse no ano 1953 para formar parte da mencionada exposición madrileña. A maior parte dos obxectos procedían de Terra Santa, todos eles de grande interese para documentar a historia, a arte, a relixiosidade e a cultura dos pobos que viviron naquelas terras. Tamén se elaboraron outros especificamente para a mostra, como é o caso das maquetas que reproducen os edificios máis significativos da zona, tanto históricos como actuais e que hoxe en día son xa testemuña dun modo de facer museografía. Destaca, sen dúbida, o material arqueolóxico ao que nos imos achegar presentando aquelas pezas que sobresaen ben pola súa singularidade ou ben pola súa representatividade.

Os obxectos conservados de maior antigüidade remóntanse ao Paleolítico, pezas de sílex que caracterizan a produción lítica da zona achadas no Monte Scopus, Deir en Nahleh e Jaffa. A evolución posterior desta industria podemos apreciala en exemplos mesolíticos e neolíticos pertencentes a culturas tipicamente palestinienses, como a Natufiense, a Khianiense e a Tahuniense, recollidos nos seus xacementos máis representativos do Natuf, Beit Taamir, Hallet O Loz, O Khiam e Ain Saleh. Teremos que situarnos no Calcolítico para atopar no museo exemplos cerámicos que, xunto cos útiles de sílex procedentes do Teleilat Ghassul, nos falan da rica cultura Ghassuliense. Destacan fragmentos de vasillas decoradas con impresións de cestería e dixitacións, cerámicas feitas a man de formas e decoracións lineais sinxelas, e un curioso fragmento de culler.

A Idade do Bronce é o período que conta con maior e máis variado número de exemplos: xerros, aceiteiras, diversos fragmentos de vasillas, pratos, cuncos, un vaso teriomorfo e fragmentos de vasos zoomorfos, foron catalogados como pertencentes ao Bronce Antigo e proceden dos xacementos de Askalón e Xericó. A cultura cananea, desenvolvida durante o Bronce Medio, está explicada a través de pezas escavadas

nos xacementos de Askalón, Hebrón e Xericó. Non podemos deixar de mencionar unhas tabliñas con grafía cuneiforme que testemuñan un dos descubrimentos máis transcendentais deste momento: a escritura. O grupo componse de dúas tabliñas económicas de Ur III, pertencentes á terceira dinastía de Ur, datadas entre os anos 2100 e 2000 a. C.; un sinal de selos sumerios da terceira dinastía de Ur, coa mesma cronoloxía que as anteriores, e un sinal de tres selos Paleobabilónicos do século XVIII a. C. Na Necrópole de Tell o Adjúl recuperouse enxoval de diferentes tumbas do Bronce Recente e de aquí proveñen varias das cerámicas que ilustran este período.

Os xacementos de Askalón e Hebrón xunto con Samíe e Beit Sahur están representados por diferentes tipos de materiais adscritos cronoloxicamente á Idade do Ferro, principalmente obxectos de uso doméstico, aínda que pezas como pesos de pedra, fusaiolas, amuletos en óso, e vasos teriomorfos nos falan doutras actividades e crenzas. O inicio da Época Helenística supuxo a introdución dunha cultura diferente tal e como o demostra a colección de lucernas e os obxectos realizados en bronce, vidro e alabastro orixinarios dos xacementos de Askalón, Hebrón, Beisán e Samaria. En Chipre realizáronse as asas de ánforas co selo do taller de olería que posibilitou a súa clasificación e que nos achega información do comercio existente na zona.

A Dominación Romana en Palestina está amplamente ilustrada no Museo. Desta época son: a colección de vidro, composta principalmente por unguentarios e lacrimatorios recollidos en Gaza, Belén e Xerusalén; a colección de lucernas, na súa maior parte herodianas, procedentes de Belén, Ain Saleh e Hebrón; obxectos de bronce, entre eles utensilios de uso médico-cirúrxico, así como cerámica común, fusaiolas e elementos construtivos. Entre estes últimos cabe sinalar unhas conducións do acueduto construído no ano 35 por Poncio Pilato cuxo percorrido levaba a auga dende Wadi Arúb ao Templo de Xerusalén e que foron recollidas ao sur de Belén xunto a un fragmento de *opus signinum* que recubría dita obra de enxeñería. Tamén cabe destacar tres formas abertas de *Terra Sigillata* nun excelente estado de conservación, pois están completas sen fractura algunha.

De época bizantina son as lucernas achadas en Hebrón e Belén con rica decoración de motivos xeométricos, vexetais e simboloxía cristolóxica, ademais dunha completa mostra de materiais cerámicos de uso doméstico e vidro. Os novos gustos e formas de vida introducidos polos árabes tamén se ven reflectidos nos restos cerámicos que pertencen ás sucesivas dinastías abbásida, fatimí, selxucida e aiúbida. Os séculos XII e XIII, que se viron marcados polas Cruzadas, contan con exemplos cerámicos achados en Emaus-Qubebe xunto cun facsímile da espada de Godofredo de Bouillón. Finalmente, do Imperio Turco consérvase unha colección de pipas de tabaco decoradas con motivos vexetais e xeométricos pertencentes aos séculos XVII e XVIII, xunto cunha mostra de armamento da época.

No percorrido do museo contemplouse unha sala dedicada á colección numismática que recolle unha abundante e valiosa selección na que se poden contemplar moedas pertencentes a todos os momentos históricos. Cronoloxicamente, a colección iníciase con numismas do período helenístico, entre os que destacan dracmas, didracmas e tetradracmas en prata da cidade de Tiro e de Alejandro Magno. Das moedas acuñadas en época romana, os exemplares que aquí se conservan son unha mostra, tanto cualitativa como cuantitativa, moi destacada, debido a que se expoñen exemplares de case a totalidade dos emperadores romanos, dos principais gobernadores romanos de Xudea e dos reis xudeus. Valores emitidos baixo o goberno dos emperadores bizantinos, así como durante o primeiro período árabe, o período cruzado, o segundo período árabe, o período otomán (turco), ata chegar ás pezas conmemorativas e en curso completan esta colección.

Outras coleccións, como as compostas por obxectos artesanais feitos en nácara e madeira de oliveira, explican parte do labor que realizou durante séculos e segue a realizar na zona a Orde Franciscana. Son pezas de iconografía cristiá entre as que predominan temas franciscanos como o belén. É imprescindible destacar dúas edículas do Santo Sepulcro e dúas cruces de pé, unha das cales foi realizada coa técnica máis antiga que se coñece para este tipo de traballos e que está documentada dende o século XVI.

As obras que ilustran a última sección do museo – **Convivencia Actual**– tentan evidenciar a complicada idiosincrasia da cidade de Xerusalén. Por medio das Escrituras Sacras das tres grandes relixións monoteístas (unha Tora, unha Biblia escrita en árabe e un Corán), explícase como esta cidade é meta de peregrinación e Cidade Santa para todas elas. Dúas vitrinas, unha con obxectos litúrxicos hebreos e outra con restos de material bélico da guerra dos seis días, serven de apoio para coñecer a historia recente do Estado de Israel.

Pezas de gran valor documental son as máis de cincuenta maquetas que no seu día foron realizadas para ilustrar a exposición madrileña e que soamente unha pequena parte está hoxe exposta no museo. Destacan modelos de edificacións actuais, como os que reproducen case todo os santuarios e conventos franciscanos de Terra Santa e tamén maquetas que emulan edificios históricos e bíblicos, entre as que despuntan: a Tenda do deserto, o Templo de Salomón, o Santo Sepulcro na época constantiniana, a maqueta topográfica de Palestina, a cidade de Xerusalén en tempos de Cristo, e o Templo de Xerusalén construído por Herodes o Grande.

Finalmente, quédanos por mencionar a peza principal do Museo: a Maqueta da Basílica do Santo Sepulcro en Xerusalén, fiel reprodución feita a escala da Basílica Hierosolimitana, que como se mencionou anteriormente foi o fundamento sobre o que xurdiu a idea dun Museo de Terra Santa. Esta peza foi realizada, baixo a dirección técnica de Frei Bartolomeu de las Heras, nos talleres de carpintería do Convento de San Salvador en Xerusalén para a Exposición de Arte Sacra conmemorativa do Ano Santo Romano de 1950. Empregáronse cinco anos na súa realización (1945-1949) e reproduce fielmente o Santo Sepulcro tal como se atopaba nese momento incluíndo todos os edificios que o rodean: conventos franciscano, armenio, grego, sirio, copto e musulmán. Está composta de oito pezas, que se separan da parte central deixando ver o interior, deseñado con todo detalle, tanto na parte arquitectónica como na escultórica e pictórica.

A transcendencia que se lle pode atribuír ao Museo de Terra Santa radica principalmente nos heteroxéneos aspectos que propón. Esencialmente é un museo

que presenta a historia dunha zona, xeograficamente afastada do noso país, pero que foi berce da civilización occidental e na que aconteceron feitos de indiscutible relevancia histórica. Este museo ofrécenos a oportunidade única de abordar a historia cultural de Próximo Oriente, debido a que a súa exposición estable bríndanos un completo itinerario pola mesma. A través das súas pezas pódese coñecer baixo diferentes ópticas –arqueolóxica, histórica, artística, social e relixiosa–, a gran variedade de culturas que deixaron a súa pegada en Terra Santa. Por último, cabe sinalar que o Museo de Terra Santa se atopa situado en Compostela, converténdose deste xeito nunha ponte que enlaza culturalmente as cidades de Santiago e Xerusalén, unidas xa tradicionalmente por seren importantes centros de peregrinación.